CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO

(Cód. 31)

Na corrección e puntuación das respostas ás preguntas do exame aplicaranse con carácter xeral os seguintes criterios:

No relativo ás preguntas 1 e 2, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademáis, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores. Se de xeito sistemático non se indican as unidades nas que ven expresado o resultado, aplicarase unha penalización de 0,25 puntos sobre a cualificación global do exercicio.

Nas preguntas 3 e 4, valorarase a claridade e o rigor na definición dos conceptos teóricos e a súa identificación no suposto que se expón na pregunta. Terase en conta a coherencia da análise e a adecuación das respostas ao caso concreto, valorándose positivamente aquelas respostas que, aínda sen unha identificación explícita, amosen unha interpretación fundamentada e ben relacionada co contido.